

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 26 DE XANEIRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseis de Xaneiro de mil novecentos noventa e cinco; ás seis e media da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez, e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Manuel Vázquez Gregorio, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 24 de Xaneiro pasado.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto un informe técnico presentado por AQUAGEST de Santiago, con domicilio social na Praza da Quintana, 1, 1º, C.P. 15704, para obras de mellora na planta potabilizadora do depósito da Franqueirán, deste Concello, e tendo en conta un acordo que se adoptou na sesión ordinaria desta mesma Comisión de data 19 de Xaneiro pasado, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo informe sobre as melloras técnicas a levar a cabo pola devandita Casa na dita planta potabilizadora, para así poder ofrecer unha maior calidade da auga que abastece esta poboación. Ascende o presuposto do importe sobre as melloras a realizar da execución por contrata á cantidade de 1.421.164 pesetas, o cal se fará efectivo unha vez se rematen as devanditas obras.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non se presentaron.

4.- ASUNTOS ECONOMICOS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse á Orde do 10 de Xaneiro de 1995, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar obras de construción, reforma, rehabilitación e equipamento das Casas dos Concellos, prestando aprobación á documentación técnica correspondente; así mesmo, facúltase ó Sr. Alcalde para que asine a correspondente petición e demais trámites oportunos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULENTE REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo.

E sendo as seis e corenta e cinco minutos da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estedéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.